

## **XX MOSTRA DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

**10, 11, 12 e 13 maio 2017**

Como en anos anteriores o CEIP Curros Enríquez participará na Mostra de Actividades Culturais que organiza a Federación de APAs de Centros Públicos de A Coruña.

### **CONCURSO DE DEBUXO:**

Lembrámoslles que fixemos un concurso desde a APA para poder ser o cartaz da Mostra.

**A finalista deste centro foi:**

**Daphne Fiaño, que recibirá un diploma acreditativo e un agasallo na clausura do sábado día 13 de maio.**

**Moitas felicidades!!!**

### **ACTUACIONES:**

<b>MÉRCORES 10</b>	
BLOQUE DE 18:00 A 19:00	Ximnasia Rítmica
BLOQUE DE 19:00 a 20:00	Xogos Rítmicos (pequenas)
	Baile Moderno (maiores)
<b>VENRES 12</b>	
17:00 a 18:00	Teatro

O mércores 10 tódalas actividades extraescolares se desenvolverán con normalidade, agás Ximnasia Rítmica que non se impartirá debido á actuación na Mostra.

O venres 12 de maio a actividade de teatro desenvolverase no Fórum, dentro da Mostra, no horario indicado.

As participantes das diferentes actividades deberán presentarse, xa preparadas da casa (vestimenta, peiteado...), cunha media hora de antelación ao inicio de cadanseu bloque de actuación, segundo establecen as normas xerais. **PRÉGASE PUNTUALIDADE.**

Por favor, mantédevos atentos a calquera información adicional que poidades recibir da man dos diferentes monitores.

## NORMAS XERÁIS:

- O público non poderá entrar ou saír do auditorio até a finalización do bloque, xa que o que se pretende é ver as actuacións que presentan outras ANPAS cos seus nenos e nenas, non só as do noso centro.
- Non se permite a entrada dos carros de bebés ao auditorio, quedando na área de camerinos a cargo dos responsables da organización.
- Cumprir os horarios establecidos en cada bloque, tendo en conta que cada ANPA ten que estar no vestíbulo do Forum 30 minutos antes do comezo da actuación.
- Únicamente accederán aos camerinos os monitores e responsables das ANPAS, coas credenciais que se lles facilitarán o primeiro día da actuación
- Un dos representantes da ANPA permanecerá á entrada do auditorio para cubrir calquera imprevisto que puidese xurdir.
- Os nenos e nenas non sairán do recinto de camerinos ata que finalice o bloque. Estarán acompañados da APA e/ou monitor correspondente, e serán entregados ás súas familias no vestíbulo de entrada.

Precisamos da vosa colaboración para poder acudir ao acto, xa que os menores deben estar acompañados dun representante da APA ou colaborador durante o acto.

Moitas grazas.

DIRECTIVA DA APA PARQUE DE BELONA



APA Parque de Belona Campo de Marte, s/n 15002 A Coruña  
[www.edu.xunta.es/centros/ceipcurrosacorunha/](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcurrosacorunha/) (apartado Pais/Nais)